

EUROPE DIRECT A CORUÑA



Para o primeiro trimestre do ano 2024, Europe Direct A Coruña pón a disposición dos Concellos membros da rede Europa no teu Concellos o seguinte Programa de Actividades, previa solicitude:

Oportunidades de participación para a mocidade:

- [Campanha Embaixadorxs Destino Europa](#) (a partir do 22 de febreiro)
- [Sesión informativa: Carreira investigadora en España e en Europa: por onde empezo?](#) (7 de marzo, en liña)
- [Encontro: Ventana a Europa, coa Oficina do Parlamento Europeo en España](#) (12 de marzo, en liña)
- [Obradoiro formativo: Curriculum Vitae Europass](#) (15 de abril)
- [Obradoiro formativo: Cartas de motivación e presentación](#) (16 de abril)
- [Obradoiro formativo: Habilidades dixitais no espazo europeo](#) (17 de abril)

Máis información: correo electrónico europedirect@dacoruna.gal ou ben no teléfono 981 080 331.



Primavera Xove 2024

21 Feb 2024

Publicado en [En portada](#)

A Xunta de Galicia pon en marcha a terceira edición do programa Primavera Xove, co fin de ofrecer actividades formativas e de lecer para a mocidade galega, así como un recurso de coidado para as familias galegas durante a Semana Santa e distintas fins de semana nos meses de marzo e abril, en instalacións da Xunta de Galicia.

Trátase dunha actuación da Xunta de Galicia co financiamento do Ministerio de Igualdade, en desenvolvemento do Plan Corresponsables.

O programa está **dirixido a mozos e mozas empadroados en Galicia que teñan entre 14 e 30 anos** no momento de asistencia á quenda adxudicada.

Os grupos de participación dividiranse en dous tramos de idade: **de 14 a 17 anos e de 18 a 30 anos**.

As actividades comezarán a partir do 8 de marzo.

Ofértanse **580 prazas en 29 quendas**, nos **6 programas** que conforman a actividade, cun máximo de 20 prazas en cada unha das opcións.

A cota de participación será de **25 euros para as actividades de fin de semana** e de **75 euros** para as quendas de Semana Santa.

Por ser membro de **familia numerosa ou monoparental** e por ser titular do **Carné xove**, sempre e cando a tarxeta estea debidamente activada, aplicarase un **desconto do 25%** sobre o prezo. As persoas participantes aboarán, nestes casos, **18,75 euros** ou **56,25 euros**

O desprazamento ata as instalacións onde se vai desenvolver o programa vai por conta das persoas que participan, tanto o día de incorporación como o día do remate da actividade.

MOI IMPORTANTE: O prazo de inscrición comeza o **día 22 de febreiro ás 10.00 horas e será mediante o formulario en liña dispoñible nesta web.**

No formulario **só se poderá elixir unha quenda**. As prazas asignaranse por estrita orde de chegada dos formularios.

[Consulta aquí a toda a información do programa](#)

[ir ao inicio](#)